

Antiga Casa Reitoral

060007

Datos de Localización

Casa Reitoral

Nomenclator:	3207801
Coord. UTM:	X: 61529425 Y: 466485916
Concello:	Sarreaus
Parroquia:	BRESMAUS
Lugar:	Bresmaus
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Casas Reitorais
Subtipo:	Casa Reitoral
Denominación:	Antiga Casa Reitoral
Etaapa Histórica:	Idade Contemporánea
Estilo relevante	Popular
Outros Estilos:	



Descrición:

Trátase dunha edificación que se desenvolve en torno a un patio central, cerrado ao Norte e ao Sur pola vivenda e as construcións auxiliares, respectivamente, e ao Leste e Oeste por dous muros de perpiaño con cadanseu portón. Na entrada principal, a Leste, e sobre o portón, dispónse un canastro do que tan só se conservan as cepas, os tornarratoss e as padieiras.

As dependencias da vivenda distribúense en dous corpos perpendiculares que, aínda estando separados, comparten o acceso á planta superior por un mesmo patín. O corpo dianteiro da edificación dispónse en sentido L-O. Levantado con perpiaño de boa calidade, presenta cuberta a tres augas con tella francesa e curva e distribúese en dúas alturas. O acceso á vivenda realízase por medio dun patín de granito, situado na fachada Sur (no patio) e composto de escaleira e patamal, con varanda de ferro. A porta de entrada é de madeira con poxigo.

O outro corpo dispónse en sentido N-S. Trátase dunha construción de planta rectangular, con muros de perpiaño concertado, dúas alturas e tellado con armazón de madeira a catro augas e tella curva. Un patín de granito, protexido pola prolongación do tellado e con varanda de madeira, situado no ángulo interior, dá acceso aos pisos superiores dos dous corpos.

No patio, pegado ao portón Oeste, existe un pozo con peitoril cadrado de perpiaño e cabaleta pétreo superior para enganchar a roldana. Xunto a el, unha gran pía rectangular de granito. O alpendre e o palleiro sitúanse ao Sur, cerrando o patio por este lado. Estas construcións presentan muros de perpiaño na parte exterior e están abertas na interior, apoiándose o tellado deste lado, en grandes columnas cadradas feitas de perpiaño concertado. As cubertas teñen armazón de madeira e tella curva. No esquinall Suroeste dispónse un forno de perpiaño, de frontal recto con lareira corrida, chapilé sobre dous canzorros e borrarreira. Actualmente está á intemperie.

Características Construtivas

Plantas:	B+1
Edif. Anexas:	Alpendre, palleiro.
Mat. Fachada:	Granito

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: .

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Integral

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Retellado de parte do corpo Leste con tella francesa.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles











